

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

*EXTRACTO da Resolución do 13 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascentas (200) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2021/22 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).*

BDNS (Identif.): 546406.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán solicitar estas axudas os/as cidadáns/ás galegos/as residentes no estranxeiro cunha titulación universitaria de grao, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de duascentas (200) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar determinados estudos de máster que se inicien no curso 2021/22 nunha universidade galega, condicionada aos límites de financiamento.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 13 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascentas (200) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2021/22 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).



**Cuarto. *Importe***

Esta convocatoria terá carácter plurianual e para a concesión destas subvencións destinaranse os seguintes importes:

– 1.470.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.3 –bolsas excelencia mocidade exterior– dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2021 e 2022, por importe de 750.000 € para a anualidade 2021 e 720.000 € para a anualidade 2022.

– 250.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.3 Fondo COVID-19 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2021.

A concesión destas subvencións quedará condicionada aos ditos límites orzamentarios.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 30 de abril de 2021, ás 23.59 horas (hora peninsular española).

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

